

PROGRAMACIÓN

DO

DEPARTAMENTO

DE

MÚSICA

Curso 2021/2022

Música 2º ESO

Música 3º ESO

Música 4º ESO

Linguaxe e Práctica Musical 1º Bacharelato

Xefa Departamento: María Mercedes Yáñez Gil

ÍNDICE POR CURSOS

2º ESO

3º ESO

4º ESO

1º BACHARELATO

2º ESO

Música

Curso 2021/2022

ÍNDICE	
1. Introducción e contextualización.	Páx. 5
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	Páx. 5
3. Obxectivos do curso	Páx. 6
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	Páx. 7
4.1. Temporalización.	
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	Páx. 19
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	Páx. 19
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	Páx. 20
8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	Páx. 21
9. Medidas de atención á diversidade.	Páx. 22
10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.	Páx. 22
11. Actividades complementarias e extraescolares.	Páx. 23
12. Accións de contribución ao proxecto lector.	Páx. 23
13. Accións de contribución ao plan TIC.	Páx. 24
14. Accións de contribución ao plan de convivencia.	Páx. 24
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en	

relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	Páx. 25
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	Páx. 26

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Dpto. de Música está formado por M^a Mercedes Yáñez Gil (Xefa de Departamento) que imparte a materia de Música nos grupos de 2º, 3º e 4º, e a materia de Linguaxe e Práctica Musical en 1º de Bacharelato.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de música contribúe a adquisición da CCEC xa que fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.

Potencia así actitudes respectuosas e posibilita a elaboración de xuícios respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico das obras musicais.

Desenvolve tamén a CSIEE na interpretación e na composición, xa que ambas requiren unha planificación previa e toma de decisións para obter os resultados desexados. Ademais na interpretación musical están presentes a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, claves para a adquisición desta competencia.

Por outra banda, a organización e realización de actividades musicais no centro escolar utiliza habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible.

A participación en actividades colectivas, musicais e de movemento (sobre todo as relacionadas coa interpretación e creación colectiva) que necesitan dun traballo cooperativo, fomentan as relacións cos demais (expresar ideas propias, valorar as dos demais, coordinar accións propias coas dos outros...) contribuíndo a CSC.

Por outra banda o contacto con músicas moi variadas favorece a comprensión de diferentes culturas e a súa contribución a sociedade en que vivimos, valorando as distintas aportacións e a fusión de estilos e culturas musicais. Tamén hai que ter en conta a reflexión que na nosa materia se fai sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade como manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economías e na creación de novas profesións.

O coñecemento do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia contribúen a CD.

A música tamén desenvolve a CAA o potenciar capacidades como a atención, a concentración, a memoria, o sentido da orde e a análise.

Para a CCL a música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, e a adquisición e uso dun vocabulario musical básico, e coa integración da linguaxe musical e verbal.

A música contribúe a CMCCT o manexar principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre, a agrupación dos sons en escalas... Tamén hai que ter en conta a relación das matemáticas e a física con correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica ou estocástica. Reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, contribúese a mellora da calidade do ambiente, desenvolvendo tamén a CMCCT. Así mesmo os contidos relacionados co uso terapéutico da música, ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio prevén problemas de saúde e desenvolven esta competencia.

3. OBXECTIVOS DO CURSO.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona..

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Interpretación e creación		
B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical	B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de	MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.
B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta		MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>das posibilidades da voz como medio de expresión musical.</p> <p>B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.</p> <p>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.</p> <p>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.</p>	<p>pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	<p>audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p>
<p>B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.</p>	<p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>	<p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>
<p>B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.</p> <p>B1.9. Experimentación e</p>	<p>B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis</p>	<p>MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p>

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.	comúns.	MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.
B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.	B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.		MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.		MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
		MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e	B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
		MUB1.5.2. Amosa unha

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.</p> <p>B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.</p>		<p>actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</p>
<p>B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.</p> <p>B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</p>	<p>B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</p>	<p>MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</p> <p>MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p> <p>MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</p> <p>MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito</p>

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
		MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
Bloque 2. Escoita		
B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.
B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.
B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
B2.6. Audición, análise	B2.4. Identificar e describir,	MUB2.4.1. Describe os

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.</p>	<p>mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>elementos das obras musicais propostas.</p>
		<p>MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</p>
		<p>MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</p>
<p>B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.</p>	<p>B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.</p>	<p>MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</p>
		<p>MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</p>
<p>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</p>		
<p>B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</p> <p>B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</p>	<p>B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.</p>	<p>MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</p>
		<p>MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</p>
<p>B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.</p>	<p>B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais,</p>	<p>MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade</p>

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	selectiva.
<p>B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</p> <p>B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.</p>	<p>B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.</p>	<p>MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego</p>
		<p>MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</p>
		<p>MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.</p>
		<p>MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.</p>
<p>B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.</p>	<p>B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".</p>	<p>MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais</p>
		<p>MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p>
<p>B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.</p>	<p>B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.</p>	<p>MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</p>
		<p>MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais</p>

Música. 2º de ESO		
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		propias.
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
<p>B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</p> <p>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</p> <p>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</p> <p>B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.</p> <p>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</p>	<p>B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.</p>	<p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</p>
<p>B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da</p>	<p>B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a</p>	<p>MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre</p>

Música. 2º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	indagación do feito musical.	temas relacionados co feito musical.

Nota: Dadas as circunstancias sanitarias as actividades de interpretación vocal non se realizarán no ensino presencial, así como as actividades de interpretación instrumental o non poder facer uso da aula de música durante este curso.

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A interpretación vocal, instrumental e de movemento, que tería lugar o longo de todo o curso, debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, non se realizará no ensino presencial. Poderanse propoñer actividades no ensino non presencial, escollendo para o repertorio pezas instrumentais e/ou vocais e de danza de dificultade progresiva, tendo en conta que o criterio para a selección do repertorio dependa dos novos conceptos de linguaxe musical, propios deste novo curso, adquiridos paulatinamente a través da práctica da linguaxe musical (estándares de aprendizaxe: 1.1.2/ 1.1.3/1.2.1/1.4.1/1.4.2/1.4.3/1.4.4/ 1.4.5/1.6.1/1.6.2/1.6.3/ 1.6.4/1.6.5/3.1.1/3.3.2).

No ámbito da creación tamén se faran actividades de composición, improvisación e realización de arranxos periódicamente o longo de todo o curso (estándares de aprendizaxe: 1.3.1/1.3.2/1.5.1).

A escoita a través da audición e análise elemental (estilo, época, xénero, forma, clasificación dos instrumentos que interveñen atendendo o seu timbre, tipo de agrupación instrumental ou vocal, textura,...) de obras de música instrumental e vocal, farase de igual maneira durante todo o curso, según se vaian tratando na aula os distintos xéneros, estilos, tendencias e culturas musicais (estándares de aprendizaxe: 2.2.1/2.4.1/2.4.2/2.4.3).

No que se refire a temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque música e tecnoloxías tamén será o longo de todo o curso (estándares de aprendizaxe: 4.1.1/ 4.1.2/ 4.2.1).

A asistencia a distintos actos musicais (concertos e outras manifestacións musicais) da propia cultura musical ou doutras, non se realizarán debido as circunstancias sanitarias, con excepción dos que teñan lugar no propio centro.

A temporalización do resto dos estándares de aprendizaxe será da seguinte maneira:

PRIMER TRIMESTRE

- O son: son, ruído e silencio. A produción, transmisión e percepción do son. (1.1.1)

- Calidades do son: altura, duración, intensidade e timbre. (1.1.1)
- Consumo indiscriminado de música. Contaminación sonora. (2.5.1)
- A voz humana como instrumento musical:
 - Anatomía e fisioloxía da voz: respiración, emisión e resoancia. (1.4.2/1.4.1)
 - Clasificación das voces: tesitura (soprano, contralto, tenor e baixo) e tipos de agrupacións vocais (dúos, tríos, cuartetos, coros, orfeóns...). (2.1.1)
- Os instrumentos como medio de expresión musical:
 - familias instrumentais: clasificación instrumentos de corda (técnica de produción do son). (2.1.1)
 - timbre (recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos musicais orquestais). (2.1.1)
 - posibilidades técnicas e interpretativas dos instrumentos. (1.4.1)
- Clasificación dos diferentes estilos musicais: música culta (europea occidental), música popular (tradicional, músicas do mundo, urbana: jazz, pop-rock), música para a escena e a imaxe (teatro: ópera, zarzuela, teatro musical, ballet, danza.../medios de comunicación: música no cine, radio, publicidade, televisión, videoxogos...). (3.2.1)
- Clasificación da música atendendo o estilo, xénero (vocal: dramática ou teatral representada ou non representada /instrumental: descriptiva, programática, pura ou abstracta), temática (relixiosa/profana), función ou uso (artística/funcional). A análise dunha obra musical. (3.2.1)

SEGUNDO TRIMESTRE

- Os instrumentos como medio de expresión musical (continuación):
 - familias instrumentais: clasificación instrumentos vento (técnica de produción do son). (2.1.1)
 - timbre (recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos musicais orquestais). (2.1.1)
 - posibilidades técnicas e interpretativas dos instrumentos. (1.4.1)
- A música popular tradicional.
 - Manifestacións vocais e instrumentais da música popular de Galicia. (3.3.1/3.3.3/3.3.4)
 - A música tradicional en España. Influencia e diversidade. A danza e a súa música, o canto, os instrumentos populares. (3.3.1./3.3.3)
 - Introducción a música doutras culturas: músicas do mundo. (3.2.1)
- Introducción a música culta europea occidental: períodos, características básicas, principais autores e obras. (3.2.1)

TERCER TRIMESTRE

- Os instrumentos como medio de expresión musical (continuación):
 - familias instrumentais: clasificación instrumentos percusión (técnica de produción do son). (2.1.1)
 - timbre (recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos musicais orquestais). (2.1.1)
 - posibilidades técnicas e interpretativas dos instrumentos. (1.4.1)
- Introducción a música popular urbana: o jazz e o rock and roll. (3.2.1)
- Introducción a presenza da música noutras manifestacións artísticas: corporal, teatral, radiofónica, cinematográfica, publicitaria... (3.1.1/3.1.2)

Nota: nos días posteriores a avaliación ordinaria e ata finais de curso levaranse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- Ler partituras, comprendendo e relacionando os elementos básicos da linguaxe musical (compás binario e ternario, notas en clave de sol, alteracións, ritmos utilizando figuras e silencios ata a semicorchea, signos de prolongación: ligadura e puntiño, indicacións de expresión, tempo e signos de repetición) coa súa grafía, respectando as normas básicas de actuación (estándares de aprendizaxe: 1.1.2/1.1.3/1.2.1/ 1.4.1/1.4.2/1.4.3/1.4.4/ 1.4.5/1.6.1/1.6.2/1.6.3/ 1.6.4/1.6.5/3.1.1/3.3.2).
- Improvisar breves melodías e patróns rítmicos sinxelos, seleccionando e usando libremente os elementos básicos da linguaxe musical (estándares de aprendizaxe: 1.3.1/ 1.3.2/1.5.1).
- Distinguir e situar estilísticamente e no seu contexto histórico e xeográfico as obras musicais escoitadas na clase, tratando de recoñecer a súa estrutura mediante a análise formal, así como analizar os elementos musicais básicos (melodía, ritmo, harmonía, textura: monodía e polifonía, grupos de instrumentos, voces, dinámica...) presentes na audición (estándares de aprendizaxe: 2.2.1/2.4.1/2.4.2/2.4.3).
- Coñecer a variedade de estilos musicais e as súas características máis básicas (estándares de aprendizaxe: 3.1.2/3.2.1/3.4.1/3.4.2/3.5.1), así como tomar conciencia do uso indiscriminado do son (estándares de aprendizaxe: 2.5.1/2.5.2).
- Clasificar os instrumentos orquestais diferenciando as súas sonoridades e a súa forma, así como dos pertencentes á tradición musical de Galicia (estándares de aprendizaxe: 2.1.1/ 2.1.2/3.3.3/3.3.4), coñecer o proceso de produción da voz e as tesituras máis comúns (estándares de aprendizaxe: 1.4.1/1.4.2/2.1.1) e recoñecer os parámetros do son (estándares de aprendizaxe: 1.1.1).
- Coñecer e utilizar de forma sinxela os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a actividade musical (estándares de aprendizaxe: 4.1.1/4.1.2/4.2.1).
- Demostrar unha actitude positiva, interesada, participativa e de traballo adecuado, o longo do curso (estándares de aprendizaxe: 1.4.1/1.5.2/1.6.3/1.6.4/1.6.5/2.3.1/3.2.1/3.3.1/3.5.2).

4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A partir dunha avaliación inicial que servirá de tanteo de nivel do alumnado, no ensino presencial alternaránse as explicacións teóricas e as actividades de linguaxe musical. Tamén traballaremos a parte auditiva con audicións de estilos diversos acordes coas explicacións teóricas, ampliando así as preferencias musicais dos alumnos/as.

A práctica instrumental, vocal e de movemento, limítase na medida do posible o ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música.

Reservaremos cada semana un espazo para traballar a creación nas súas diferentes posibilidades, tratando de elaborar un proxecto completo por trimestre.

En cada trimestre os alumnos/as realizarán diferentes traballos prácticos que lles axudarán a reforzar e ampliar o tema teórico tratado nese momento na aula, intentando potenciar as TIC.

É importante para que todo esto sexa posible unha actitude adecuada por parte do alumno/a mostrándose en todo momento interesado, participativo e respectando o silencio, tan necesario para a interpretación e a escoita musical.

Os instrumentos necesarios para avaliar adecuadamente o alumnado consistirán en probas teóricas e prácticas (neste caso a través do ensino non presencial), na observación e rexistro do traballo diario na clase así como do realizado na casa, na valoración da realización de diversos traballos propostos seguindo as indicacións da profesora, e na valoración e rexistro da actitude e comportamento ante a materia.

En cada avaliación faráse como mínimo unha proba que recolla os aspectos teóricos traballados.

Na parte de práctica instrumental valorarase a destreza na execución do instrumento (limpeza, fraseo, articulación...) e a soltura na lectura musical.

Na parte vocal valorarase ademáis a entoación e afinación, fraseo...

Na parte auditiva valoraremos mediante a realización de fichas individuais todos os aspectos relacionados coa escoita (clasificación de estilo, análise de estrutura, distinción de instrumentos...) sendo necesario para a súa realización a escoita atenta por parte do alumnado.

Tamén se realizarán fichas individuais por parte dos alumnos/as que recollan aspectos referentes a linguaxe musical, que serán corrixidas, valoradas e devoltas os alumnos/as.

O aspecto creativo valórase mediante a realización dun proxecto finalizado por trimestre, seguindo as indicacións da profesora.

Cada trimestre realizaránse dependendo do grupo diversos traballos nos que se intentará potenciar as TIC (búsqueda de información, críticas musicais...) que terán que ser realizados nos prazos previstos e seguindo as indicacións da profesora.

A profesora levará sempre que sexa posible un seguimento da libreta do alumno/a controlando que ten recollido nesta todo o relacionado coa materia de forma ordeada. así

como a observación das actividades realizadas na aula e na casa mediante unha lista de control. Ademais o alumno/a deberá traer diariamente o material a clase (libreta, partituras...).

Valorarase a actitude ante a materia, mostrando o interese adecuado, cun traballo constante e diario, respetando as execucións alleas así como os diferentes estilos e manifestacións musicais. Tamén se terá en conta o uso do silencio por parte de cada alumno/a necesario no traballo auditivo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

No ensino presencial realizaranse explicacións teóricas dos diferentes temas combinadas con audicións e coa práctica da linguaxe musical e levaranse a cabo actividades e traballos por parte dos alumnos. As explicacións complementarase nalgúns ocasións con vídeos facendo uso do proxector das diferentes aulas. O non ser posible facer uso da aula de música a profesora desprazarase polas diferentes aulas. Este feito impide que se leven a cabo as actividades relacionadas coa práctica instrumental así como as actividades de interpretación vocal debido ás circunstancias sanitarias.

No ensino non presencial as actividades que se desenvolverán serán similares as realizadas en réximen presencial: exercicios (linguaxe musical, audicións...) e traballos. Algunhas actividades prácticas relacionadas coa interpretación vocal, instrumental e de movemento, que non son posibles no ensino presencial dadas as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, poderanse propoñer no ensino non presencial. Na Aula virtual do centro publicaranse os diferentes contidos (explicacións, actividades, audicións, vídeos ...) e o plan de traballo que o alumnado debe seguir. A través dela poderán descargar apuntes, actividades e tamén subir exercicios e traballos. O alumnado tamén poderá preguntar dúbidas a través de correo electrónico. O modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática é a través da entrega de material a través de fotocopias. Os mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado serán a comunicación a través da Aula virtual do centro, por correo electrónico, coas familias a través do espazo abalar, así como co titor/a e/ou coa orientadora do centro.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Os materiais empregados son:

- Material do alumno/a: libreta, libreta pautada, frauta (ensino non presencial), carpeta (para gardar e clasificar fichas e partituras).
- Material proporcionado pola profesora: partituras, fichas de traballo, apuntes, esquemas, entrevistas, críticas, noticias, textos musicais..., material informático e audiovisual.
- Este curso non é posible o uso do material da aula de música (instrumentos Orff, frautas, teclados, encerado pautado...).

- Recursos: Aula virtual (ensino non presencial).

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Recóllese no punto 4 desta programación.

7.2.. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A materia será avaliada tendo en conta as seguintes porcentaxes:

ENSINO PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 80%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Actitude participativa na clase _____ 20%
Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a atención e escoita durante as actividades de audición, o respecto polas interpretacións alleas, levar á clase todo o material, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Se fora posible unha mínima práctica instrumental e de movemento o longo do curso:

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 60%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%
Se avaliará a interpretación de partituras, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... .

3. Actitude participativa na clase _____ 20%
Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

ENSINO NON PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 70%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%
Se avaliará (a través do ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o non poder facer uso da aula de música) actividades que se poderán propoñer relacionadas coa interpretación de partituras cos diferentes instrumentos dos que dispoña o alumnado na

casa, a interpretación vocal, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática substituiráanse por probas e/ou traballos escritos.

3. Actitude participativa na clase _____ 10%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Importante:

- É necesario acadar un mínimo (3,5 sobre 10) en calquera dos apartados anteriores para poder aprobar a materia.

Mecanismos para recuperar unha proba non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha proba non superada.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha avaliación non superada.

Avaliación final

O alumnado que deberá realizar a avaliación final será:

- Alumnado cunha avaliación non superada cunha nota inferior o 4.
- Alumnado con dúas ou tres avaliacións non superadas.

Os estándares que se van a avaliar serán os correspondentes a/ás avaliación/s que o alumnado non teña superada/s. A avaliación consistirá en:

- Proba teórica (contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición...). Poderase substituir pola entrega de actividades ou traballos.

A avaliación extraordinaria consistirá en:

- Proba teórica que se valorará cunha porcentaxe dun 100%. Consistirá nunha serie de preguntas (polo xeral dez) referidas a contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición... valorando cada pregunta segundo a súa importancia. No caso de ensino non presencial poderase substituir pola entrega de actividades e/ou traballos.

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Remitimos o artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial farase nos primeiros días de curso, basándose nun tanteo do nivel do alumnado, a partir dunha serie de procedementos ou preguntas específicas, recollidas en

relación a contidos traballados en cursos anteriores que se considera que o alumnado debería recordar e manexar con soltura, ou cuestións de base que se van traballar no actual curso e que plantexamos con antelación para saber o grado de desenvolvemento, de madurez, de aprendizaxe realizado e aproveitado. O mecanismo para informar ás familias é por medio do titor/a.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención a diversidade, partindo dun coñecemento previo das capacidades do alumnado, obriga a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe en cada persoa, partindo da súa actitude e interese.

Para aqueles alumnos/as que teñan algunha dificultade de aprendizaxe levaranse a cabo medidas especiais (reforzos e adaptacións) pero seguindo un ritmo homoxéneo o do resto da clase sen quedar polo tanto desprazados.

No que se refire a linguaxe musical traballarase con estes alumnos/as os aspectos máis básicos utilizando elementos musicais sinxelos. A lectura musical utilizará notas musicais coas figuras e silencios máis básicos.

No apartado teórico traballáranse os mesmos temas de forma máis esquematizada con actividades básicas e de fácil expresión e desenrolo.

Por outra banda tamén é necesaria a atención a diversidade coa realización de actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que mostran unha especial facilidade ante o feito musical e que os separa do resto. Normalmente son alumnos/as que practican a música dun xeito cotián, por estudar nun centro especializado ou por pertencer a unha agrupación musical concreta.

Faise necesario elaborar un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención as súas necesidades.

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respeto polo folclore propio e alleo a través da audición, así como a través do visionado de danzas folclóricas, valorando ás diferentes culturas presentes no mundo.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

- Curiosidade e interese por todos os instrumentos sen asociar o seu tamaño ou timbre cun xénero determinado (carillóns para rapazas, xilófono baixo para rapaces).

- Interese e recoñecemento da danza por parte dos rapaces como medio para enriquecer a percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas, rompendo co enfoque tradicional de asociar a danza cas rapazas.

- Valorar a necesidade da complementariedade de sexos para a práctica vocal (coro de voces mixtas) e de movemento (bailes de parellas mixtas), tendo en conta ademais que toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de reparto de traballos e respecto mutuo ós demais integrantes, independentemente do sexo o que pertenzan.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización ante a contaminación sonora e o nivel de rúidos no contorno.
- Coidado pola produción excesiva de sons por parte do propio alumnado.
- Construcción de instrumentos musicais con materiais de refugo, o que facilita un achegamento e respecto polas tarefas de reciclaxe e o conseguinte respecto polo medio ambiente.
- Valoración da natureza como fonte de inspiración musical.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Apreciación do corpo e das súas posibilidades de expresión e comunicación a través do movemento.
- Técnica vocal como prevención dos problemas vocais.
- Valoración da incidencia positiva da música no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto dende o punto de vista do óinte como do intérprete ou creador.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Asumir un papel crítico fronte o consumo de música actual que ven determinado pola moda e a publicidade, tendo en conta o papel dos medios de comunicación e os posibles intereses ocultos, para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado.
- Coñecemento de diferentes estilos musicais (jazz, música tradicional, pop-rock, músicas del mundo...), para poder ter a capacidade de elixir por si mesmos.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, dadas as circunstancias sanitarias, non se realizarán actividades extraescolares. Como actividade complementaria os alumnos/as asistirán os concertos, e nalgunha ocasión ensaios, que a Orquesta Sinfónica de Vigo 430 ofrecerá no noso centro.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

- Lectura comprensiva e realización de esquemas dos temas de teoría musical.
- Realización de actividades, comentarios... de forma escrita.
- Realización de textos para cancións.

- Lectura de críticas e artigos musicais.
- Realización de traballos de temática musical (para ler, comparar, contrastar información, relacionar de forma crítica con informacións procedentes de fontes diferentes...).
- Búsqueda de noticias musicais relacionadas coa actualidade.
- Lectura de libros de temática musical e posterior realización de actividades.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

- Recolleita de información musical a través de internet.
- Coñecer (de maneira teórica) programas informáticos de aplicación musical.
- Audición de músicas de distintas épocas e estilos.
- Gravación das interpretacións musicais realizadas na aula. Este curso non é posible.
- Visionado de vídeos, documentais, películas... que ilustran os distintos contidos, usando o proxector instalado nas aulas.
- Utilizar as tecnoloxías do coñecemento a hora de editar e gravar unha peza musical.
- Sonorizar unha secuencia de imaxes utilizando distintos recursos informáticos.
- Utilizar xogos musicais interactivos que amplíen o coñecemento musical.
- Ampliar os coñecementos de búsqueda musical a través de internet.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

- Traballos por parellas ou en grupo de temática musical realizados na aula ou na casa, fomentando a convivencia o traballar en equipo. Este curso non é posible.
- Interpretacións vocais e/ou instrumentais en conxunto realizadas na aula nas que é fundamental o respecto as interpretacións alleas mostrando interese por mellorar a calidade sonora do conxunto instrumental e/ou vocal tomando conciencia da importancia da organización e integración no grupo para a realización de actividades colectivas. Este curso non é posible.
- Realización de coreografías en grupo ou por parellas (danzas históricas, bailes de salón, danzas do mundo...), respetando as execucións dos demais e valorando a contribución persoal a coreografía no seu conxunto (cooperación). Este curso non é posible.
- Audición de músicas de outras culturas (músicas do mundo) fomentando o respecto polas manifestacións musicais alleas.
- Presentación inicial dos instrumentos musicais e outros materiais da aula e da súa ubicación, tomando conciencia de que son propiedade de todos/as, responsabilizándose do

seu coidado e mantemento. Este curso non é posible xa que non faremos uso da aula de música.

- Análise de cancións cunha clara mensaxe social: emigración, maltrato, guerra... e creación de textos de esta índole para unha melodía dada.

- Aceptación e cumprimento das normas establecidas para o bo funcionamento do grupo e para a produción da música: o marco do silencio, a atención a dirección e os compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demais. Este curso non é posible.

- Asistencia a concertos didácticos, valorando a importancia que teñen como público (grupo) na transmisión da música. Este curso será posible nos concertos que teñan lugar no centro.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A avaliación da programación desta área atenderá aos seguintes aspectos:

- Grao de desenvolvemento dos contidos propostos.
- Dificultades apreciadas nese desenvolvemento.
- Desenvolvemento das competencias clave.
- Adecuación dos materiais empregados.
- O uso das TIC dende as accións previstas.
- A contribución ao Proxecto Lector.
- Reflexión sobre os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación.
- Reflexión sobre os criterios establecidos para o seguimento da materia pendente.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten avaliar o funcionamento da programación e establecer medidas de mellora:

	VALORACIÓN				OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Tivéronse en conta no desenvolvemento da programación as características dos alumnos/as?					
Conseguíronse os obxectivos didácticos previstos con todos os alumnos/as?					
Foi acertada a temporalización dos estándares de aprendizaxe?					

Foi adecuado o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar?					
Foron adecuados os recursos didácticos propostos?					
Tivéronse en conta os temas transversais?					
Foi adecuado o plan de avaliación inicial deseñado?					
Foron adecuados os criterios establecidos para a avaliación final e extraordinaria?					
Resultaron eficaces as estratexias metodolóxicas utilizadas?					
Foron adecuados os instrumentos de avaliación?					
Serviu a avaliación para readaptar a programación?					
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
Foron acertadas as medidas de atención á diversidade?					
Foron adecuados os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes?					
Foron adecuadas e motivadoras as actividades complementarias e extraescolares?					
O grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia é suficiente?					

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten a avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

	NON	ÁS	SI
--	------------	-----------	-----------

		VECES	
Realizo unha avaliación inicial e axusto a programación ás características do alumnado.			
Planteo algunha actividade para detectar os coñecementos previos de cada unidade.			
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.			
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades realizadas e lles dou pautas para melloralas.			
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.			
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.			
Utilizo dispositivos audiovisuais ou de outro tipo para apoiar as explicacións dos contidos.			
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.			
Planteo actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe asignadas á área de Música.			
Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función do nivel dos alumnos/as e dos contidos tratados na unidade.			
Informo convenientemente o alumnado e os seus pais dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.			

3º ESO

Música

Curso 2021/2022

ÍNDICE	
1. Introducción e contextualización.	Páx. 30
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .	Páx. 30
3. Obxectivos do curso.	Páx. 31
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	Páx. 32
4.1. Temporalización.	
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	Páx. 42
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	Páx. 42
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	Páx. 43
8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de Materias pendentes.	Páx. 44
9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	Páx. 45
10. Medidas de atención á diversidade.	Páx. 45
11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.	Páx. 45
12. Actividades complementarias e extraescolares.	Páx. 47

13. Acci3ns de contribuci3n ao proxecto lector.	P3x. 47
14. Acci3ns de contribuci3n ao plan TIC.	P3x. 47
15. Acci3ns de contribuci3n ao plan de convivencia.	P3x. 48
16. Mecanismos de revisi3n, avaliaci3n e modificaci3n das programaci3ns did3cticas en relaci3n cos resultados acad3micos e procesos de mellora.	P3x. 48
17. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a pr3ctica docente.	P3x. 50

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Dpto. de Música está formado por M^a Mercedes Yáñez Gil (Xefa de Departamento) que imparte a materia de Música nos grupos de 2º, 3º e 4º, e a materia de Linguaxe e Práctica Musical en 1º de Bacharelato.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de música contribúe a adquisición da CCEC xa que fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.

Potencia así actitudes respectuosas e posibilita a elaboración de xuícios respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico das obras musicais.

Desenvolve tamén a CSIEE na interpretación e na composición, xa que ambas requiren unha planificación previa e toma de decisións para obter os resultados desexados. Ademais na interpretación musical están presentes a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, claves para a adquisición desta competencia.

Por outra banda, a organización e realización de actividades musicais no centro escolar utiliza habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible.

A participación en actividades colectivas, musicais e de movemento (sobre todo as relacionadas coa interpretación e creación colectiva) que necesitan dun traballo cooperativo, fomentan as relacións cos demais (expresar ideas propias, valorar as dos demais, coordinar accións propias coas dos outros...) contribuíndo a CSC.

Por outra banda o contacto con músicas moi variadas favorece a comprensión de diferentes culturas e a súa contribución a sociedade en que vivimos, valorando as distintas aportacións e a fusión de estilos e culturas musicais. Tamén hai que ter en conta a reflexión que na nosa materia se fai sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade como manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economías e na creación de novas profesións.

O coñecemento do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia contribúen a CD.

A música tamén desenvolve a CAA o potenciar capacidades como a atención, a concentración, a memoria, o sentido da orde e a análise.

Para a CCL a música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, e a adquisición e uso dun vocabulario musical básico, e coa integración da linguaxe musical e verbal.

A música contribúe a CMCCT o manexar principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre, a agrupación dos sons en escalas... Tamén hai que ter en conta a relación das matemáticas e a física con correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica ou estocástica. Reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, contribúese a mellora da calidade do ambiente, desenvolvendo tamén a CMCCT. Así mesmo os contidos relacionados co uso terapéutico da música, ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio prevén problemas de saúde e desenvolven esta competencia.

3. OBXECTIVOS DO CURSO.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega ena lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura eno estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias edas outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homesque realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturasdo mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectaras diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

ñ) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas,utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona..

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE:

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Interpretación e creación		
B1.1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música.	B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama;	MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama;

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
B1.2. Textura.	B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.
B1.3. Procedementos compositivos e formas de organización musical.	B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.
<p>B1.4. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.</p> <p>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>B1.6. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p> <p>B1.7. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.</p> <p>B1.8. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</p>	<p>B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.</p>	MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
		MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.
		MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
		MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
		MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.9. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.		
B1.10. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula	B1.5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
		MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
B1.11. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación. B1.12. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.	B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
		MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
		MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
		MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
B1.13. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.	B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	MUB1.7.1. Amona interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.
Bloque 2. Escoita		
B2.1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais.	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.	MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.
B2.2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. B2.3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.
B2.4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
B2.5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as	B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.	MUB2.4.1. Amona interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>propias preferencias musicais.</p> <p>B2.6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.</p>		
<p>B2.7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.</p> <p>B2.8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.</p>	<p>B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<p>MUB2.5.1. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes.</p>
		<p>MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.</p>
		<p>MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</p>
<p>Bloque 3. Contextos musicais e culturais</p>		
<p>B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.</p> <p>B3.4. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.</p>	<p>B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.</p>	<p>MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.</p>
		<p>MUB3.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen.</p>
		<p>MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.</p>
<p>B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións</p>	<p>B3.2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as</p>	<p>MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e</p>

Música. 3º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. B3.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición
B3.7. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.	B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.	MUB3.3.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes.
B3.8. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas.	B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.
B3.9. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	B3.5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.	MUB3.5.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.
B3.10. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.	B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.	MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. MUB3.6.2. Interésase por

Música. 3º de ESO		
Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. B4.2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.	B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.	MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical. MUB4.1.2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.	B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Nota: Dadas as circunstancias sanitarias as actividades de interpretación vocal non se realizarán no ensino presencial, así como as actividades de interpretación instrumental o non poder facer uso da aula de música durante este curso.

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A interpretación vocal, instrumental e de movemento, que tería lugar o longo de todo o curso, debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, non se realizará no ensino presencial. Poderanse propoñer actividades no ensino non presencial, escollendo para o repertorio pezas instrumentais e/ou vocais e de danza de dificultade progresiva, tendo en conta que o criterio para a selección do repertorio dependa dos novos conceptos de linguaxe musical, propios deste novo curso, adquiridos paulatinamente a través da práctica da linguaxe musical (estándares de aprendizaxe: 1.4.2/1.4.3/1.4.4/1.4.5/1.6.1/1.6.2/1.6.4/1.7.2/3.1.2/1.1.1/2.2.1).

No ámbito da creación tamén se farán actividades de composición, improvisación e realización de arranxos periódicamente o longo de todo o curso (estándares de aprendizaxe: 1.5.1/ 1.6.1).

A escoita a través da audición e análise elemental (estilo, época, xénero, forma, clasificación dos instrumentos que interveñen atendendo o seu timbre, tipo de agrupación instrumental ou vocal, textura,...) de obras de música instrumental e vocal, farase de igual maneira durante todo o curso, según se vaian tratando na aula os distintos xéneros, estilos, tendencias e culturas musicais (estándares de aprendizaxe: 1.2.1/1.3.1/2.1.3/2.4.2/2.5.1/2.5.2/2.5.3).

No que se refire a temporalización dos estándares de aprendizaxe do bloque música e tecnoloxías tamén será o longo de todo o curso (estándares de aprendizaxe: 4.1.1/ 4.1.2/ 4.2.1).

A asistencia a distintos actos musicais (concertos e outras manifestacións musicais) da propia cultura musical ou doutras, non se realizará debido as circunstancias sanitarias, con excepción dos que teñan lugar no propio centro.

No que se refire o bloque contextos musicais e culturais a temporalización dos estándares de aprendizaxe será da seguinte maneira:

- Para os estándares de aprendizaxe 3.1.1./3.1.2./3.1.3.

PRIMER TRIMESTRE

- A música nos medios de comunicación: cine, radio e publicidade.

SEGUNDO TRIMESTRE

- A música no teatro: zarzuela, ópera, teatro musical...

TERCER TRIMESTRE

- A música e o corpo: ballet, danzas (populares, étnicas, de salón)...

- Para os estándares de aprendizaxe 3.2.1./3.3.1./3.4.1./3.4.2.

PRIMER TRIMESTRE

- As orixes da música culta (europea occidental). Música monódica e polifónica.

- A música na Idade Media.

- O canto gregoriano e os trobadores.

- A lírica galaico-portuguesa.

- A música no Renacemento.

- A polifonía relixiosa e profana do Renacemento.

- A música instrumental do Renacemento

- A música tradicional en Galicia, a danza e a súa música, o canto.

- A música popular urbana. Orixe: o salón, o teatro, as variedades...

O rock and roll. Orixe e movementos, características e organoloxía nos 60'.

- A música doutras culturas: África.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Evolución da música culta (europea occidental):

- O Barroco musical.

- A música o servizo da relixión e da monarquía. Os músicos do Barroco.

- A música vocal profana: as orixes da ópera. A música e a relixión: oratorio, cantata, pasión.

- Formas instrumentais barrocas: suite, sonata, concerto.

- Música e músicos do Romanticismo e Clasicismo.

- Formas instrumentais do Clasicismo: sonata, sinfonía e concerto.

- Os músicos no Clasicismo.

- A música sinfónica no Romanticismo: a sinfonía. A música programática. Poema sinfónico.
- A música de cámara. O piano romántico. O lied.
- Os músicos no Romanticismo.
- O teatro musical do Clasicismo o Romanticismo.
- A música doutras culturas: Extremo Oriente.
- O jazz: orixe, evolución e difusión. Organoloxía e correntes máis destacadas.
- O rock and roll. Movements, características e organoloxía nos 70'e 80'.

TERCER TRIMESTRE

- Evolución da música culta (europea occidental):
 - A música na sociedade contemporánea.
 - Movements musicais no cambio do século: Impresionismo, Nacionalismos.
 - A música do século XX deica a 2ª Guerra mundial: Neoclasicismo. Dodecafonismo.
 - As correntes musicais despois da 2ª Guerra Mundial.
 - A músicas doutras culturas: música tradicional e popular en Iberoamérica, a música indíxena, influencias da música hispana.
 - O rock and roll. Movements, características e organoloxía nos 90'e na actualidade.
 - A música tradicional no Estado Español: a danza e a súa música. O canto. Instrumentos populares.
- Os estándares 3.5.1./3.5.2. /3.6.1./3.6.2. desenvolveráanse o longo de todo o curso.

Nota: nos días posteriores a avaliación ordinaria e ata finais de curso levaranse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- Saber aplicar unha linguaxe musical básica para realizar tarefas de composición e análise e seguimento de audicións e/ou partituras (estándares de aprendizaxe: 1.1.1/2.2.1)
- Improvisar e crear breves melodías e patróns rítmicos sinxelos, usando os elementos básicos da linguaxe musical (estándares de aprendizaxe: 1.5.1/ 1.6.1).
- Situar estilísticamente e no seu contexto histórico, a partir da análise, as pezas escoitadas, tratando de recoñecer a súa estrutura formal, ademais doutros elementos musicais básicos (textura, tempo, timbres, dinámica, ritmo...) presentes na audición (estándares de aprendizaxe: 1.2.1/1.3.1/2.1.3/2.4.2/2.5.1/2.5.2/2.5.3).
- Coñecer os aspectos musicais máis representativos de distintas épocas e culturas (situando cronoloxicamente os principais autores e as súas obras máis representativas), diferenciar basicamente os diversos estilos musicais e relacionalos co seu contexto histórico, así como comprender a función da música en distintas producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación (estándares de aprendizaxe: 3.1.1/3.1.2/3.1.3/3.2.1/3.3.1/3.4.1/3.4.2/3.5.1/3.5.2/3.6.1).
- Coñecer e utilizar algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical (estándares de aprendizaxe: 4.1.1/4.1.2/4.2.1).
- Demostrar unha actitude positiva, interesada, participativa e de traballo adecuado, o longo do curso (estándares de aprendizaxe: 1.4.1/1.4.5/1.5.2/1.6.3/1.6.4/1.6.5/1.7.1/2.3.1/2.4.1/3.2.1/3.6.2).

4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A partir dunha avaliación inicial que servirá de tanteo de nivel do alumnado, no ensino presencial alternaránse as explicacións teóricas e as actividades de linguaxe musical. Tamén traballaremos a parte auditiva con audicións de estilos diversos acordes coas explicacións teóricas, ampliando así as preferencias musicais dos alumnos/as.

A práctica instrumental, vocal e de movemento, limítase na medida do posible o ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música.

Reservaremos cada semana un espazo para traballar a creación nas súas diferentes posibilidades, tratando de elaborar un proxecto completo por trimestre.

En cada trimestre os alumnos/as realizarán diferentes traballos prácticos que lles axudarán a reforzar e ampliar o tema teórico tratado nese momento na aula, intentando potenciar as TIC.

É importante para que todo esto sexa posible unha actitude adecuada por parte do alumno/a mostrándose en todo momento interesado, participativo e respectando o silencio, tan necesario para a escoita musical.

Os instrumentos necesarios para avaliar adecuadamente o alumnado consistirán en probas teóricas e prácticas (neste caso a través do ensino non presencial), na observación e rexistro do traballo diario na clase así como do realizado na casa, na valoración da realización de diversos traballos propostos seguindo as indicacións da profesora, e na valoración e rexistro da actitude e comportamento ante a materia.

En cada avaliación faráse como mínimo unha proba que recolla os aspectos teóricos traballados.

Na parte de práctica instrumental valorarase a destreza na execución do instrumento (limpeza, fraseo, articulación...) e a soltura na lectura musical.

Na parte vocal valorarase a entoación e afinación, fraseo...

Na parte auditiva valoraremos mediante a realización de fichas individuais todos os aspectos relacionados coa escoita (clasificación de estilo, análise de estrutura, distinción de instrumentos...) sendo necesario para a súa realización a escoita atenta por parte do alumnado.

Tamén se realizarán fichas individuais por parte dos alumnos/as que recollan aspectos referentes a linguaxe musical, que serán correxidas, valoradas e devoltas os alumnos/as. O aspecto creativo valórase mediante a realización dun proxecto finalizado por trimestre, seguindo as indicacións da profesora.

Cada trimestre realizaránse dependendo do grupo diversos traballos nos que se intentará potenciar as TIC (búsqueda de información, críticas musicais...) que terán que ser realizados nos prazos previstos e seguindo as indicacións da profesora.

A profesora levará un seguimento da libreta do alumno/a controlando que ten recollido nesta todo o relacionado coa materia de forma ordeada, así como a observación das actividades realizadas na aula e na casa mediante unha lista de control. Ademáis o alumno/a deberá traer diariamente o material a clase (libreta, partituras...).

Valorarase a actitude ante a materia, mostrando o interese adecuado, cun traballo constante e diario, respetando as execucións alleas así como os diferentes estilos e manifestacións musicais. Tamén se terá en conta o uso do silencio por parte de cada alumno/a necesario no traballo auditivo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

No ensino presencial realizaranse explicacións teóricas dos diferentes temas combinadas con audicións e coa práctica da linguaxe musical e levaranse a cabo actividades e traballos por parte dos alumnos. As explicacións complementarase nalgúns ocasións con vídeos facendo uso do proxector das diferentes aulas. O non ser posible facer uso da aula de música a profesora desprazarase polas diferentes aulas. Este feito impide que se leven a cabo as actividades relacionadas coa práctica instrumental así como as actividades de interpretación vocal debido ás circunstancias sanitarias.

No ensino non presencial as actividades que se desenvolverán serán similares as realizadas en réximen presencial: exercicios (linguaxe musical, audicións...) e traballos. Algunhas actividades prácticas relacionadas coa interpretación vocal, instrumental e de movemento, que non son posibles no ensino presencial dadas as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, poderanse propoñer no ensino non presencial. Na Aula virtual do centro publicaranse os diferentes contidos (explicacións, actividades, audicións, vídeos ...) e o plan de traballo que o alumnado debe seguir. A través dela poderán descargar apuntes, actividades e tamén subir exercicios e traballos. O alumnado tamén poderá preguntar dúbidas a través de correo electrónico. O modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática é a través da entrega de material a través de fotocopias. Os mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado serán a comunicación a través da Aula virtual do centro, por correo electrónico, coas familias a través do espazo abalar, así como co titor/a e/ou coa orientadora do centro.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Os materiais empregados son:

- Material do alumno/a: libreta, frauta (ensino non presencial), carpeta (para gardar fichas e partituras).
- Material proporcionado pola profesora: partituras, fichas de traballo, apuntes, esquemas, entrevistas, críticas, noticias, textos musicais..., material informático e audiovisual.
- Este curso non é posible o uso do material da aula de música (instrumentos Orff, frautas, teclados, encerado pautado...).
- Recursos: Aula virtual do centro.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Recóllense no punto 4 desta programación.

7.2.. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A materia será avaliada tendo en conta as seguintes porcentaxes:

ENSINO PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 80%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Actitude participativa na clase _____ 20%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a atención e escoita durante as actividades de audición, o respecto polas interpretacións alleas, levar á clase todo o material, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Se fora posible unha mínima práctica instrumental e de movemento o longo do curso:

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 60%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%

Se avaliará a interpretación de partituras, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... .

3. Actitude participativa na clase _____ 20%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

ENSINO NON PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 70%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%

Se avaliará (a través do ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o non poder facer uso da aula de música) actividades que se poderán propoñer relacionadas coa interpretación de partituras cos diferentes instrumentos dos que dispoña o alumnado na casa, a interpretación vocal, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática substituiráanse por probas e/ou traballos escritos.

3. Actitude participativa na clase _____ 10%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Importante:

- É necesario acadar un mínimo (3,5 sobre 10) en calquera dos apartados anteriores para poder aprobar a materia.

Mecanismos para recuperar unha proba non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha proba non superada.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha avaliación non superada.

Avaliación final

O alumnado que deberá realizar a avaliación final será:

- Alumnado cunha avaliación non superada cunha nota inferior o 4.
- Alumnado con dúas ou tres avaliacións non superadas.

Os estándares que se van a avaliar serán os correspondentes a/ás avaliación/s que o alumnado non teña superada/s. A avaliación consistirá en:

- Proba teórica (contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición...). Poderase substituír pola entrega de actividades ou traballos.

A avaliación extraordinaria consistirá en:

- Proba teórica que se valorará cunha porcentaxe dun 100%. Consistirá nunha serie de preguntas (polo xeral dez) referidas a contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición... valorando cada pregunta segundo a súa importancia. No caso de ensino non presencial poderase substituír pola entrega de actividades e/ou traballos.

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Remitimos o artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Como traballo previo o examen de Maio o alumno/a que ten pendente a materia de música de 2º curso deberá cumprir o seguinte plan, utilizando como material apuntes do curso:

1. Elaboración de fichas de traballo suministradas pola profesora o longo do curso.

O resultado satisfactorio deste plan de traballo valorarase cunha porcentaxe dun 40%, dependendo o resto da puntuación da proba final (60%), que consistirá nunha proba teórica.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial farase nos primeiros días de curso, baseándose nun tanteo do nivel do alumnado, a partir dunha serie de procedementos ou preguntas específicas, recollidas en relación a contidos traballados en cursos anteriores que se considera que o alumnado debería recordar e manexar con soltura, ou cuestións de base que se van traballar no actual curso e que plantexamos con antelación para saber o grado de desenvolvemento, de madurez, de aprendizaxe realizado e aproveitado. O mecanismo para informar ás familias será por medio do titor/a

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención a diversidade, partindo dun coñecemento previo das capacidades do alumnado, obriga a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe en cada persoa, partindo da súa actitude e interese.

Para aqueles alumnos/as que teñan algunha dificultade de aprendizaxe levaranse a cabo medidas especiais (reforzos e adaptacións) pero seguindo un ritmo homoxéneo o do resto da clase sen quedar polo tanto desprazados.

No que se refire a linguaxe musical traballarase con estes alumnos/as os aspectos máis básicos utilizando elementos musicais sinxelos. A lectura musical utilizará notas musicais coas figuras e silencios máis básicos.

No apartado teórico traballáranse os mesmos temas de forma máis esquematizada con actividades básicas e de fácil expresión e desenrolo.

Por outra banda tamén é necesaria a atención a diversidade coa realización de actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que mostran unha especial facilidade ante o feito musical e que os separa do resto. Normalmente son alumnos/as que practican a música dun xeito cotián, por estudar nun centro especializado ou por pertencer a unha agrupación musical concreta.

Faise necesario elaborar un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención as súas necesidades.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS QUE SE TRABALLARÁN.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respeto polo folclore propio e alleo a través da audición, así como a través do visionado de danzas folclóricas, valorando ás diferentes culturas presentes no mundo.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

- Curiosidade e interés por todos os instrumentos sen asociar o seu tamaño ou timbre cun xénero determinado (carillóns para rapazas, xilófono baixo para rapaces).
- Interés e recoñecemento da danza por parte dos rapaces como medio para enriquecer a percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas, rompendo co enfoque tradicional de asociar a danza cas rapazas.
- Valorar a necesidade da complementariedade de sexos para a práctica vocal (coro de voces mixtas) e de movemento (bailes de parellas mixtas), tendo en conta ademais que toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de reparto de traballos e respecto mutuo ós demais integrantes, independentemente do sexo o que pertenzan.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización ante a contaminación sonora e o nivel de ruídos no contorno.
- Coidado pola produción excesiva de sons por parte do propio alumnado e atención o silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- Construción de instrumentos musicais con materiais de refugo, o que facilita un achegamento e respecto polas tarefas de reciclaxe e o conseguinte respecto polo medio ambiente.
- Valoración da natureza como fonte de inspiración musical.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Apreciación do corpo e das súas posibilidades de expresión e comunicación a través do movemento.
- Técnica vocal como prevención dos problemas vocais.
- Valoración da incidencia positiva da música no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto dende o punto de vista do oínte como do intérprete ou creador.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Asumir un papel crítico fronte o consumo de música actual que ven determinado pola moda e a publicidade, tendo en conta o papel dos medios de comunicación e os posibles intereses ocultos, para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado.
- Coñecemento de diferentes estilos musicais (jazz, música tradicional, pop-rock, músicas del mundo...), para poder ter a capacidade de elixir por si mesmos.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES.

Este curso, dadas as circunstancias sanitarias, non se realizarán actividades extraescolares. Como actividade complementaria os alumnos/as asistirán os concertos, e nalgunha ocasión ensaios, que a Orquesta Sinfónica de Vigo 430 ofrecerá no noso centro.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

- Lectura comprensiva e realización de esquemas dos temas de teoría musical.
- Realización de actividades, comentarios... de forma escrita.
- Realización de textos para cancións.
- Lectura de críticas e artigos musicais.
- Realización de traballos de temática musical (para ler, comparar, contrastar información, relacionar de forma crítica con informacións procedentes de fontes diferentes...).
- Búsqueda de noticias musicais relacionadas coa actualidade.
- Lectura de libros de temática musical e posterior realización de actividades.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

- Recolleita de información musical a través de internet.
- Coñecer (de maneira teórica) programas informáticos de aplicación musical.
- Audición de músicas de distintas épocas e estilos.
- Gravación das interpretacións musicais realizadas na aula. Este curso non é posible.
- Visionado de vídeos, documentais, películas... que ilustran os distintos contidos, usando o proxector instalado nas aulas.
- Utilizar as tecnoloxías do coñecemento a hora de editar e gravar unha peza musical.
- Sonorizar unha secuencia de imaxes utilizando distintos recursos informáticos.
- Utilizar xogos musicais interactivos que amplíen o coñecemento musical.
- Ampliar os coñecementos de búsqueda musical a través de internet.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

- Traballos por parellas ou en grupo de temática musical realizados na aula ou na casa, fomentando a convivencia o traballar en equipo. Este curso non é posible.
- Interpretacións vocais e/ou instrumentais en conxunto realizadas na aula nas que é fundamental o respecto as interpretacións alleas mostrando interese por mellorar a calidade sonora do conxunto instrumental e/ou vocal tomando conciencia da importancia da organización e integración no grupo para a realización de actividades colectivas. Este curso non é posible.
- Realización de coreografías en grupo ou por parellas (danzas históricas, bailes de salón, danzas do mundo...), respetando as execucións dos demais e valorando a contribución persoal a coreografía no seu conxunto (cooperación). Este curso non é posible.
- Audición e interpretación vocal e/ou instrumental de músicas de outras culturas (músicas do mundo) fomentando o respecto polas manifestacións musicais alleas.
- Presentación inicial dos instrumentos musicais e outros materiais da aula e da súa ubicación, tomando conciencia de que son propiedade de todos/as, responsabilizándose do seu coidado e mantemento. Este curso non é posible xa que non faremos uso da aula de música.
- Análise de cancións cunha clara mensaxe social: emigración, maltrato, guerra... e creación de textos de esta índole para unha melodía dada.
- Aceptación e cumprimento das normas establecidas para o bo funcionamento do grupo e para a produción da música: o marco do silencio, a atención a dirección e os compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demais. Este curso non é posible.
- Asistencia a concertos didácticos, valorando a importancia que teñen como público (grupo) na transmisión da música. Este curso será posible nos concertos que teñan lugar no noso centro.

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten avaliar o funcionamento da programación e establecer medidas de mellora:

	VALORACIÓN	OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Tivéronse en conta no desenvolvemento da programación as características dos alumnos/as?					
Conseguíronse os obxectivos didácticos previstos con todos os alumnos/as?					
Foi acertada a temporalización dos estándares de aprendizaxe?					
Foi adecuado o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar?					
Foron adecuados os recursos didácticos propostos?					
Tivéronse en conta os temas transversais?					
Foi adecuado o plan de avaliación inicial deseñado?					
Foron adecuados os criterios establecidos para a avaliación final e extraordinaria?					
Resultaron eficaces as estratexias metodolóxicas utilizadas?					
Foron adecuados os instrumentos de avaliación?					
Serviu a avaliación para readaptar a programación?					
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
Foron acertadas as medidas de atención á diversidade?					
Foron adecuados os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes?					
Foron adecuadas e motivadoras as actividades complementarias e extraescolares?					

O grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia é suficiente?					
---	--	--	--	--	--

17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten a avaliación do proceso do ensino e a práctica docente:

	NON	ÁS VECES	SI
Realizo unha avaliación inicial e axusto a programación ás características do alumnado.			
Planteo algunha actividade para detectar os coñecementos previos de cada unidade.			
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.			
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades realizadas e lles dou pautas para melloralas.			
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.			
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.			
Utilizo dispositivos audiovisuais ou de outro tipo para apoiar as explicacións dos contidos.			
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.			
Planteo actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe asignadas á área de Música.			
Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función do nivel dos alumnos/as e dos contidos tratados na unidade.			
Informo convenientemente o alumnado e os seus pais dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.			

4º ESO

Música

Curso 2021/2022

ÍNDICE	
1. Introducción e contextualización.	Páx. 53
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	Páx. 53
3. Obxectivos do curso.	Páx. 54
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	Páx. 55
4.1. Temporalización.	
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	Páx. 64
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	Páx. 64
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	Páx. 65
8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de Materias pendentes.	Páx. 66
9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	Páx. 67
10. Medidas de atención á diversidade.	Páx. 67
11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.	Páx. 67
12. Actividades complementarias e extraescolares.	Páx. 68
13. Accións de contribución ao proxecto lector.	Páx. 69

14. Accións de contribución ao plan TIC.	Páx. 69
15. Accións de contribución ao plan de convivencia.	Páx. 69
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	Páx. 70
17. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	Páx. 71

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Dpto. de Música está formado por M^a Mercedes Yáñez Gil (Xefa de Departamento) que imparte a materia de Música nos grupos de 2º, 3º e 4º, e a materia de Linguaxe e Práctica Musical en 1º de Bacharelato.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de música contribúe a adquisición da CCEC xa que fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.

Potencia así actitudes respectuosas e posibilita a elaboración de xuícios respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico das obras musicais.

Desenvolve tamén a CSIEE na interpretación e na composición, xa que ambas requiren unha planificación previa e toma de decisións para obter os resultados desexados. Ademais na interpretación musical están presentes a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, claves para a adquisición desta competencia.

Por outra banda, a organización e realización de actividades musicais no centro escolar utiliza habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible.

A participación en actividades colectivas, musicais e de movemento (sobre todo as relacionadas coa interpretación e creación colectiva) que necesitan dun traballo cooperativo, fomentan as relacións cos demais (expresar ideas propias, valorar as dos demais, coordinar accións propias coas dos outros...) contribuíndo a CSC.

Por outra banda o contacto con músicas moi variadas favorece a comprensión de diferentes culturas e a súa contribución a sociedade en que vivimos, valorando as distintas aportacións e a fusión de estilos e culturas musicais. Tamén hai que ter en conta a reflexión que na nosa materia se fai sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade como manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economías e na creación de novas profesións.

O coñecemento do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia contribúen a CD.

A música tamén desenvolve a CAA o potenciar capacidades como a atención, a concentración, a memoria, o sentido da orde e a análise.

Para a CCL a música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, e a adquisición e uso dun vocabulario musical básico, e coa integración da linguaxe musical e verbal.

A música contribúe a CMCCT o manexar principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre, a agrupación dos sons en escalas... Tamén hai que ter en conta a relación das matemáticas e a física con correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica ou estocástica. Reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, contribúese a mellora da calidade do ambiente, desenvolvendo tamén a CMCCT. Así mesmo os contidos relacionados co uso terapéutico da música, ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio prevén problemas de saúde e desenvolven esta competencia

3. OBXECTIVOS DO CURSO.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias edas outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homesque realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturasdo mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectaras diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas,utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona..

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

Música. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Interpretación e creación		
B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.	B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.	MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.		MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
		MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para

Música. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
		realizar as actividades da aula.
<p>B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.</p> <p>B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.</p>	<p>B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.</p>	<p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p>
<p>B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.</p>	<p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p>	<p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p> <p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.</p>
<p>B1.6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.</p> <p>B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.</p>	<p>B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.</p>	<p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p>
Bloque 2. Escoita		
<p>B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.</p>	<p>B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.</p>	<p>MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.</p> <p>MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.</p>
<p>B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito</p>	<p>B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas</p>	<p>MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario</p>

Música. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.	axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.	B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.	MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.
B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.	MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.
		MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.
		MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.	B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.	MUB2.5.1. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.
B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.
Bloque 3. Contextos musicais e culturais		

Música. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.	B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	MUB3.1.1. Amona interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
		MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.	B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.	MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
		MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.
B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.	MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.
B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana. B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo	B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.
		MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

Música. 4º de ESO		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
indiscriminado de música e a contaminación sonora.		
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.	B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.	MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.
B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.		MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.
B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.
B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.	MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.
		MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.	B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.

Música. 4º de ESO		
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	MUB4.5.1. A moso interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
		MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
		MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

Nota: Dadas as circunstancias sanitarias as actividades de interpretación vocal non se realizarán no ensino presencial, así como as actividades de interpretación instrumental o non poder facer uso da aula de música durante este curso.

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A escoita a través da audición e análise elemental (estilo, época, xénero, forma, clasificación dos instrumentos que interveñen atendendo o seu timbre, tipo de agrupación instrumental ou vocal, textura,...) de obras de música instrumental e vocal farase durante todo o curso.

O repertorio a escoitar escollerase atendendo a variedade de estilos: jazz, pop, rock, arranxos de ópera e zarzuela, arranxos de B.S.O... utilizando tamén músicas de diferentes culturas, épocas e procedencias xeográficas, buscando tamén a diversidade no campo da danza.

A interpretación vocal, instrumental e de movemento, que tería lugar o longo de todo o curso, debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, non se realizará no ensino presencial. Poderanse propoñer actividades no ensino non presencial, escollendo para o repertorio pezas instrumentais e/ou vocais e de danza de dificultade progresiva, tendo en conta que o criterio para a selección do repertorio dependa dos novos conceptos de linguaxe musical, propios deste novo curso, adquiridos paulatinamente a través da práctica da linguaxe musical.

No ámbito da creación tamén se faran actividades de composición, improvisación e realización de arranxos periódicamente o longo de todo o curso.

O estudio da crítica musical realizarase no primeiro trimestre, realizando críticas musicais o longo de todo o curso, así como a utilización de diferentes técnicas de grabación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

A temporalización do resto dos estándares de aprendizaxe será da seguinte maneira:

PRIMER TRIMESTRE

- Funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade. (2.6.1)
- A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e modas musicais. (2.6.1)
- A música o servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (3.3.1)
- A crítica como medio de información e valoración do feito musical. (2.2.1)
- Diferentes técnicas de grabación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. (4.1.1/4.3.1/4.3.2/4.5.1)
- Dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. (4.2.1)

SEGUNDO TRIMESTRE

- Ámbitos profesionais da música. Identificación e descripción das distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos. (1.4.1)
- A edición, a comercialización e a difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os profesionais da música e a industria musical. (2.5.1)
- Evolución da música popular urbana. Manifestacións musicais doutras culturas. (3.2.1/3.2.2/4.4.1)
- Dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical (continuación). (4.2.1)
- Diferentes técnicas de grabación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais (continuación). (4.3.1/4.3.2)
- A crítica como medio de información e valoración do feito musical (continuación). (2.2.1)

TERCER TRIMESTRE

- O papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores. (4.1.2)
- Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. (4.1.2)
- Funcións da música en diferentes producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos... (4.4.1)
- Sonorización de imaxes fixas e en movemento utilizando distintos recursos informáticos. (4.3.1/4.3.2)
- Manifestacións musicais máis significativas do patrimonio español e galego. (3.1.1/3.1.2).
- Diferentes técnicas de grabación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais (continuación). (4.3.1/4.3.2)
- A crítica como medio de información e valoración do feito musical (continuación). (2.2.1)

Nota: nos días posteriores a avaliación ordinaria e ata finais de curso levaranse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- Saber analizar obras musicais, mediante audición e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e rasgos estilísticos máis representativos e situálas no seu contexto histórico e cultural, utilizando unha terminoloxía adecuada.
- Explicar as funcións, influencia e importancia que cumple a música na vida das persoas e na sociedade (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación e audiovisuais: cine e aplicacións na publicidade); así como os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais.
- Expoñer de forma crítica a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais fundamentándoas no coñecemento e non en gustos persoais.
- Elaborar un arranxo para unha peza musical a partir da transformación de distintos parámetros (timbre, número de voces, forma...), utilizando un secuenciador ou un editor de partituras, así como sonorizar unha secuencia de imaxes utilizando diferentes recursos informáticos.
- Demostrar unha actitude positiva, interesada e de traballo adecuado o longo do curso.

4.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A partir dunha avaliación inicial que servirá de tanteo de nivel do alumnado, no ensino presencial alternaránse as explicacións teóricas e as actividades de linguaxe musical. Tamén traballaremos a parte auditiva con audicións de estilos diversos acordes coas explicacións teóricas, ampliando así as preferencias musicais dos alumnos/as.

A práctica instrumental, vocal e de movemento, limítase na medida do posible o ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música.

Reservaremos cada semana un espacio para traballar a creación nas súas diferentes posibilidades, tratando de elaborar un proxecto por trimestre.

En cada trimestre os alumnos/as realizarán diferentes traballos prácticos que lles axudarán a reforzar e ampliar o tema teórico tratado nese momento na aula, intentando potenciar as TIC.

É importante para que todo esto sexa posible unha actitude adecuada por parte do alumno/a mostrándose en todo momento interesado, participativo e respectando o silencio, tan necesario para a escoita musical.

Os instrumentos necesarios para avaliar adecuadamente o alumnado consistirán en probas teóricas e prácticas, traballo diario na clase e na casa, realización de traballos e actitude e comportamento adecuado ante a materia.

En cada avaliación faráse como mínimo unha proba que recolla os aspectos teóricos traballados.

Na parte de práctica instrumental valorarase a destreza na execución do instrumento (limpeza, fraseo, articulación...), a soltura na lectura musical...

Na parte vocal valorarase ademáis a entoación e afinación, fraseo...

Na parte auditiva valoraremos mediante a realización de fichas individuais todos os aspectos relacionados coa escoita (clasificación de estilo, análise de estrutura, distinción de instrumentos...) sendo necesario para a súa realización a escoita atenta por parte do alumnado.

Tamén se realizarán fichas individuais por parte dos alumnos/as que recollan aspectos referentes a linguaxe musical, que serán correxidas, valoradas e devoltas os alumnos/as.

O aspecto creativo valórase mediante a realización dun proxecto finalizado por trimestre, realizado de forma individual seguindo as indicacións da profesora.

Cada trimestre realizaránse dependendo do grupo diversos traballos nos que se intentará potenciar as TIC (búsqueda de información, críticas musicais...) que terán que ser realizados nos prazos previstos e seguindo as indicacións da profesora.

A profesora levará un seguimento da libreta do alumno/a controlando que ten recollido nesta todo o relacionado coa materia de forma ordeada. Ademáis o alumno/a deberá traer diariamente o material a clase (libreta, partituras...).

Valorarase a actitude ante a materia, mostrando o interés adecuado, cun traballo constante e diario, respectando as execucións alleas así como os diferentes estilos e manifestacións musicais. Tamén se terá en conta o uso do silencio por parte de cada alumno/a necesario no traballo auditivo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

No ensino presencial realizaranse explicacións teóricas dos diferentes temas combinadas con audicións e coa práctica da linguaxe musical e levaranse a cabo actividades e traballos por parte dos alumnos. As explicacións complementaranse nalgúns casos con vídeos facendo uso do proxector das diferentes aulas. O non ser posible facer uso da aula de música a profesora desprazarase polas diferentes aulas. Este feito impide que se leven a cabo as actividades relacionadas coa práctica instrumental así como as actividades de interpretación vocal debido ás circunstancias sanitarias.

No ensino non presencial as actividades que se desenvolverán serán similares as realizadas en réximen presencial: exercicios (linguaxe musical, audicións...) e traballos. Algunhas actividades prácticas relacionadas coa interpretación vocal, instrumental e de movemento, que non son posibles no ensino presencial dadas as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, poderanse propoñer no ensino non presencial. Na Aula virtual do centro publicaranse os diferentes contidos (explicacións, actividades, audicións, vídeos ...) e o plan de traballo que o alumnado debe seguir. A través dela poderán descargar apuntes, actividades e tamén subir exercicios e traballos. O alumnado tamén poderá preguntar dúbidas a través de correo electrónico. O modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática é a través da entrega de material a través de fotocopias. Os mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado serán a comunicación a través da Aula virtual do centro, por correo electrónico, coas familias a través do espazo abalar, así como co titor/a e/ou coa orientadora do centro.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Os materiais empregados son:

- Material do alumno/a: libreta, frauta (ensino non presencial), carpeta (para gardar fichas e partituras).
- Material proporcionado pola profesora: partituras, fichas de traballo, apuntes, esquemas, entrevistas, críticas, noticias, textos musicais..., material informático e audiovisual.
- Este curso non é posible o uso do material da aula de música (instrumentos Orff, frautas, teclados, encerado pautado...).
- Recursos: Aula virtual do centro.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Recóllense no punto 4 desta programación.

7.2.. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A materia será avaliada tendo en conta as seguintes porcentaxes:

ENSINO PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 80%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Actitude participativa na clase _____ 20%
Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a atención e escoita durante as actividades de audición, o respecto polas interpretacións alleas, levar á clase todo o material, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Se fora posible unha mínima práctica instrumental e de movemento o longo do curso:

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 60%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%
Se avaliará a interpretación de partituras, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... .

3. Actitude participativa na clase _____ 20%
Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

ENSINO NON PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 70%
Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%
Se avaliará (a través do ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o non poder facer uso da aula de música) actividades que se poderán propoñer relacionadas coa interpretación de partituras cos diferentes instrumentos dos que dispoña o alumnado na casa, a interpretación vocal, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática substituiráanse por probas e/ou traballos escritos.

3. Actitude participativa na clase _____ 10%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Importante:

- É necesario acadar un mínimo (3,5 sobre 10) en calquera dos apartados anteriores para poder aprobar a materia.

Mecanismos para recuperar unha proba non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha proba non superada.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha avaliación non superada.

Avaliación final

O alumnado que deberá realizar a avaliación final será:

- Alumnado cunha avaliación non superada cunha nota inferior o 4.
- Alumnado con dúas ou tres avaliacións non superadas.

Os estándares que se van a avaliar serán os correspondentes a/ás avaliación/s que o alumnado non teña superada/s. A avaliación consistirá en:

- Proba teórica (contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición...). Poderase substituír pola entrega de actividades ou traballos.

A avaliación extraordinaria consistirá en:

- Proba teórica que se valorará cunha porcentaxe dun 100%. Consistirá nunha serie de preguntas (polo xeral dez) referidas a contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición... valorando cada pregunta segundo a súa importancia. No caso de ensino non presencial poderá substituírse pola entrega de actividades e/ou traballos.

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Remitimos o artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño.

8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Como traballo previo o examen de Maio o alumno/a que ten pendente a materia de música deberá cumprir o seguinte plan, utilizando como material apuntes do curso:

1. Elaboración de fichas de traballo suministradas pola profesora o longo do curso.

O resultado satisfactorio deste plan de traballo valorarase cunha porcentaxe dun 40%, dependendo o resto da puntuación da proba final (60%), que consistirá nunha proba teórica.

9. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial farase nos primeiros días de curso, baseándose nun tanteo do nivel do alumnado, a partir dunha serie de procedementos ou preguntas específicas, recollidas en relación a contidos traballados en cursos anteriores que se considera que o alumnado debería recordar e manexar con soltura, ou cuestións de base que se van traballar no actual curso e que plantexamos con antelación para saber o grado de desenvolvemento, de madurez, de aprendizaxe realizado e aproveitado. O mecanismo para informar ás familias será por medio do titor/a.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención a diversidade, partindo dun coñecemento previo das capacidades do alumnado, obriga a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe en cada persoa, partindo da súa actitude e interese. Para aqueles alumnos/as que teñan algunha dificultade de aprendizaxe levaranse a cabo medidas especiais (reforzos e adaptacións) pero seguindo un ritmo homoxéneo o do resto da clase sen quedar polo tanto desprazados.

No que se refire a linguaxe musical traballarase con estes alumnos/as os aspectos máis básicos utilizando elementos musicais sinxelos. A lectura musical utilizará notas musicais coas figuras e silencios máis básicos.

No apartado teórico traballáranse os mesmos temas de forma máis esquematizada con actividades básicas e de fácil expresión e desenrolo.

Por outra banda tamén é necesaria a atención a diversidade coa realización de actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que mostran unha especial facilidade ante o feito musical e que os separa do resto. Normalmente son alumnos/as que practican a música dun xeito cotián, por estudar nun centro especializado ou por pertencer a unha agrupación musical concreta.

Faise necesario elaborar un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención as súas necesidades.

11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS QUE SE TRABALLARÁN.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respeto polo folclore propio e alleo a través da audición, práctica vocal e instrumental, así como a través do visionado de danzas folclóricas, valorando ás diferentes culturas presentes no mundo.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

- Curiosidade e interés por todos os instrumentos sen asociar o seu tamaño ou timbre cun xénero determinado (carillóns para rapazas, xilófono baixo para rapaces).
- Interés e recoñecemento da danza por parte dos rapaces como medio para enriquecer a percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas, rompendo co enfoque tradicional de asociar a danza cas rapazas.
- Valorar a necesidade da complementariedade de sexos para a práctica vocal (coro de voces mixtas) e de movemento (bailes de parellas mixtas), tendo en conta ademais que toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de reparto de traballos e respecto mutuo ós demais integrantes, independentemente do sexo o que pertenzan.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización ante a contaminación sonora e o nivel de ruídos no contorno.
- Coidado pola produción excesiva de sons por parte do propio alumnado e atención o silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- Construción de instrumentos musicais con materiais de refugo, o que facilita un achegamento e respecto polas tarefas de reciclaxe e o conseguinte respecto polo medio ambiente.
- Valoración da natureza como fonte de inspiración musical.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Apreciación do corpo e das súas posibilidades de expresión e comunicación a través do movemento.
- Técnica vocal como prevención dos problemas vocais.
- Valoración da incidencia positiva da música no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto dende o punto de vista do oínte como do intérprete ou creador.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Asumir un papel crítico fronte o consumo de música actual que ven determinado pola moda e a publicidade, tendo en conta o papel dos medios de comunicación e os posibles intereses ocultos, para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado.
- Coñecemento de diferentes estilos musicais (jazz, música tradicional, pop-rock, músicas del mundo...), para poder ter a capacidade de elixir por si mesmos.

12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES.

Este curso, dadas as circunstancias sanitarias, non se realizarán actividades extraescolares. Como actividade complementaria os alumnos/as asistirán os concertos, e nalgunha ocasión ensaios, que a Orquesta Sinfónica de Vigo 430 ofrecerá no noso centro.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

- Lectura comprensiva e realización de esquemas dos temas de teoría musical.
- Realización de actividades, comentarios... de forma escrita.
- Realización de textos para cancións.
- Lectura de críticas e artigos musicais.
- Realización de traballos de temática musical (para ler, comparar, contrastar información, relacionar de forma crítica con informacións procedentes de fontes diferentes...).
- Búsqueda de noticias musicais relacionadas coa actualidade.
- Lectura de libros de temática musical e posterior realización de actividades.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

- Recolleita de información musical a través de internet.
- Coñecer (de maneira teórica) programas informáticos de aplicación musical.
- Audición de músicas de distintas épocas e estilos.
- Gravación das interpretacións musicais realizadas na aula. Este curso non será posible.
- Visionado de vídeos, documentais, películas... que ilustran os distintos contidos, usando o proxector instalado nas aulas.
- Utilizar as tecnoloxías do coñecemento a hora de editar e gravar unha peza musical.
- Sonorizar unha secuencia de imaxes utilizando distintos recursos informáticos.
- Utilizar xogos musicais interactivos que amplíen o coñecemento musical.
- Ampliar os coñecementos de búsqueda musical (documentos, vídeos...) a través de internet.

15. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

- Traballos por parellas ou en grupo de temática musical realizados na aula ou na casa, fomentando a convivencia o traballar en equipo. Este curso non é posible.
- Interpretacións vocais e/ou instrumentais en conxunto realizadas na aula nas que é fundamental o respecto as interpretacións alleas mostrando interese por mellorar a calidade sonora do conxunto instrumental e/ou vocal tomando conciencia da importancia da organización e integración no grupo para a realización de actividades colectivas. Este curso non é posible.
- Realización de coreografías en grupo ou por parellas (danzas históricas, bailes de salón, danzas do mundo...), respetando as execucións dos demais e valorando a contribución persoal a coreografía no seu conxunto (cooperación). Este curso non é posible.
- Audición de músicas de outras culturas (músicas do mundo) fomentando o respecto polas manifestacións musicais alleas.
- Presentación inicial dos instrumentos musicais e outros materiais da aula e da súa ubicación, tomando conciencia de que son propiedade de todos/as, responsabilizándose do seu coidado e mantemento. Este curso non é posible xa que non faremos uso da aula de música.

- Análise de cancións cunha clara mensaxe social: emigración, maltrato, guerra... e creación de textos de esta índole para unha melodía dada.
- Aceptación e cumprimento das normas establecidas para o bo funcionamento do grupo e para a produción da música: o marco do silencio, a atención a dirección e os compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demais. Este curso non é posible.
- Asistencia a concertos didácticos, valorando a importancia que teñen como público (grupo) na transmisión da música. Este curso será posible nos concertos que teñan lugar no propio centro..

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten avaliar o funcionamento da programación e establecer medidas de mellora:

	VALORACIÓN				OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Tivéronse en conta no desenvolvemento da programación as características dos alumnos/as?					
Conseguíronse os obxectivos didácticos previstos con todos os alumnos/as?					
Foi acertada a temporalización dos estándares de aprendizaxe?					
Utilizáronse as Tic's no proceso de ensinanza- aprendizaxe?					
Foron adecuados os recursos didácticos propostos?					
Tivéronse en conta os temas transversais?					
Espertaron o interese do alumnado os contidos tratados nas diferentes unidades?					

Foron motivadoras e suficientemente variadas as actividades planteadas?					
Resultaron eficaces as estratexias metodolóxicas utilizadas?					
Foron adecuados os instrumentos de avaliación?					
Serviu a avaliación para readaptar a programación?					
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado?					
Foron acertadas as medidas de atención á diversidade?					
As actividades planteadas axudaron o alumnado no seu progreso, conseguindo finalmente o seu máximo nivel?					
A colaboración das familias, foi a prevista?					

17. ÍNDICADORES DE LOGROS PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten a avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

	NON	ÁS VECES	SI
Realizo unha avaliación inicial e axusto a programación ás características do alumnado.			
Planteo algunha actividade para detectar os coñecementos previos de cada unidade.			
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.			
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades realizadas e lles dou pautas para melloralas.			
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.			
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.			
Utilizo dispositivos audiovisuais ou de outro tipo para apoiar as			

explicacións dos contidos.			
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.			
Planteo actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe asignadas á área de Música.			
Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función do nivel dos alumnos/as e dos contidos tratados na unidade.			
Informo convenientemente o alumnado e os seus pais dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.			

1º BACHARELATO

Linguaxe e Práctica Musical

Curso 2021/2022

ÍNDICE	
1. Introducción e contextualización.	Páx. 75
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	Páx. 75
3. Obxectivos do curso.	Páx. 76
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	Páx. 77
4.1. Temporalización.	
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	Páx. 85
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.	Páx. 85
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	Páx. 86
8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	Páx. 88
9. Medidas de atención á diversidade.	Páx. 88
10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán.	Páx. 88
11. Actividades complementarias e extraescolares.	Páx. 89
12. Accións de contribución ao proxecto lector.	Páx. 90
13. Accións de contribución ao plan TIC.	Páx. 90
14. Accións de contribución ao plan de convivencia.	Páx. 90
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas	

[en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.](#)

Páx. 91

[16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.](#)

Páx. 93

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O Dpto. de Música está formado por M^a Mercedes Yáñez Gil (Xefa de Departamento) que imparte a materia de Música nos grupos de 2º, 3º e 4º, a materia de Linguaxe e Práctica Musical en 1º de Bacharelato.

2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical contribúe a adquisición da CCEC xa que fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.

Potencia así actitudes respectuosas e posibilita a elaboración de xuícios respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico das obras musicais.

Desenvolve tamén a CSIEE na interpretación e na composición, xa que ambas requiren unha planificación previa e toma de decisións para obter os resultados desexados. Ademais na interpretación musical están presentes a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, claves para a adquisición desta competencia.

Por outra banda, a organización e realización de actividades musicais no centro escolar utiliza habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible.

A participación en actividades colectivas, musicais e de movemento (sobre todo as relacionadas coa interpretación e creación colectiva) que necesitan dun traballo cooperativo, fomentan as relacións cos demais (expresar ideas propias, valorar as dos demais, coordinar accións propias coas dos outros...) contribuíndo a CSC.

Por outra banda o contacto con músicas moi variadas favorece a comprensión de diferentes culturas e a súa contribución a sociedade en que vivimos, valorando as distintas aportacións e a fusión de estilos e culturas musicais. Tamén hai que ter en conta a reflexión que na nosa materia se fai sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade como manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economías e na creación de novas profesións.

O coñecemento do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia contribúen a CD.

A música tamén desenvolve a CAA o potenciar capacidades como a atención, a concentración, a memoria, o sentido da orde e a análise.

Para a CCL a música contribúe a enriquecer os intercambios comunicativos, e a adquisición e uso dun vocabulario musical básico, e coa integración da linguaxe musical e verbal.

A música contribúe a CMCCT o manexar principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre, a agrupación dos sons en escalas... Tamén hai que ter en conta a relación das matemáticas e a física con correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica ou estocástica. Reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, contribúese a mellora da calidade do ambiente, desenvolvendo tamén a CMCCT. Así mesmo os contidos relacionados co uso terapéutico da música, ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio prevén problemas de saúde e desenvolven esta competencia.

3. OBXECTIVOS DO BACHARELATO.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e polo Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas extranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos, e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao

medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuir a súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE:

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Destrezas musicais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación. ▪ B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. ▪ LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal. ▪ LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Interiorización do pulso. ▪ B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques. ▪ B1.6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. ▪ LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico. ▪ B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.
Bloque 2. A audición comprensiva		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. ▪ B2.2. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. ▪ B2.3. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, sínopes, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo. ▪ B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal. ▪ B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas. ▪ B2.7. Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. ▪ B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada.

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado. B2.10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas. 		
Bloque 3. A teoría musical		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc. B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons. B3.3. Aproximación ás grafías contemporáneas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. 	<ul style="list-style-type: none"> LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica. B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais. B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación. B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica. B3.8. Coñecemento da ornamentación musical. B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva. B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. 	<ul style="list-style-type: none"> LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. LPMB.3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.
Bloque 4. A creación e a interpretación		
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta. 	<ul style="list-style-type: none"> LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías. B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical. 	<ul style="list-style-type: none"> LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Interpretación memorizada de 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Interpretar de memoria, individual- 	<ul style="list-style-type: none"> LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballa-

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.	mente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.	<p>do e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros. ▪ LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta. ▪ LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación. ▪ LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais. ▪ B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical. ▪ B4.7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos. ▪ LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuada a súa concepción ao carácter expresivo da obra.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. ▪ B4.9. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.4.5.1. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. ▪ LPMB.4.5.2. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico.
Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier. ▪ B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son. ▪ B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporções asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón. ▪ B5.4. Transmisión e amortecemento do son. ▪ B5.5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico. ▪ B5.6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.

Linguaxe e Práctica Musical. 1º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións. ▪ B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias. ▪ B5.10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais. ▪ B5.11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

Nota: Dadas as circunstancias sanitarias as actividades de interpretación vocal non se realizarán no ensino presencial, así como as actividades de interpretación instrumental o non poder facer uso da aula de música durante este curso.

4.1. TEMPORALIZACIÓN

A audición comprensiva para percibir, identificar e recoñecer aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos,...de obras de música instrumental e vocal (estándares 2.1.1, 2.2.1, 2.2.2, 2.2.3, 2.2.4, 2.2.5) farase durante todo o curso.

A práctica vocal (estándares 1.1.2 e 1.1.3), instrumental (estándares 1.3.1) e de movemento (4.4.2), que tería lugar o longo de todo o curso, debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, non se realizará no ensino presencial. Poderanse propoñer actividades no ensino non presencial, escollendo para o repertorio pezas instrumentais e/ou vocais e de danza de dificultade progresiva, tendo en conta que o criterio para a selección do repertorio dependa dos novos conceptos de linguaxe musical, propios deste novo curso, adquiridos paulatinamente a través da práctica da linguaxe musical. A interpretación vocal, instrumental e de movemento e danza conleva tamén a aplicación dos estándares de aprendizaxe 4.3.1, 4.3.2, 4.3.3, 4.3.4, 4.3.5, 4.5.1, 4.5.2.

O repertorio a escoitar escollerase atendendo a variedade de estilos: jazz, pop, rock, arranxos de ópera e zarzuela, arranxos de B.S.O... utilizando tamén músicas de diferentes culturas, épocas e procedencias xeográficas, buscando tamén a diversidade no campo da danza.

No ámbito da creación tamén se faran actividades de composición, improvisación e realización de arranxos periódicamente o longo de todo o curso, así como de movemento (estándares de aprendizaxe 4.1.1, 4.2.1, 4.4.1, 4.4.2)

A utilización dos recursos tecnolóxicos aplicados o son (estándares de aprendizaxe 5.1.1 e 5.2.2) tamén se realizará o longo de todo o curso.

A temporalización do resto dos estándares de aprendizaxe será da seguinte maneira:

PRIMER TRIMESTRE

- Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. (1.1.1)
- Practica a lectura e a escritura melódica na clave de sol, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical..(1.3.3)
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo (compases 2/4, 3/4, 4/4, anacruse) e coa expresión musical (dinámica, tempo, agónica) (3.1.1)
- Identifica os elementos básicos da linguaxe musical (os intervalos, a escala maior), utilizando diferentes soportes (3.2.1)
- Recoñece elementos básicos harmónicos (acordes perfectos, graos da escala, acordes de I, IV e V grao) e formais (introdución a forma musical) (3.2.2)
- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical (3.2.3)

SEGUNDO TRIMESTRE

- Reproduce e identifica intervalos, escalas, ou acordes a partir de diferentes alturas utilizando unha correcta emisión da voz (1.2.1)
- Practica a lectura e a escritura musical, tanto melódica como harmónica na clave de sol, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical (1.3.3)
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo (profundización dos compases 2/4, 3/4, 4/4 e anacruse engadindo o compás 6/8, síncope, e notas a contratempo) e coa expresión musical (indicaciones de carácter) (3.1.1)
- Identifica os elementos básicos da linguaxe musical (tonalidades maiores), utilizando diferentes soportes (3.2.1)
- Recoñece elementos básicos harmónicos (acordes de II, III, VI e VII grao) e formais (profundización da forma musical) (3.2.2)
- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical (3.2.3)

TERCER TRIMESTRE

- Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz (1.3.2)

- Practica a lectura e a escritura musical, tanto melódica como harmónica na clave de sol e fa en cuarta, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical (1.3.3)
- Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo (profundización dos compases 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, anacruse, síncope, notas a contratempo engadindo o compás 9/8 e grupos de valoración especial) e coa expresión musical (articulación e ataque dos sons) (3.1.1)
- Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea (3.1.2)
- Identifica os elementos básicos da linguaxe musical (a escala menor, tonalidades menores), utilizando diferentes soportes (3.2.1)
- Recoñece elementos básicos harmónicos (as inversións, introdución o cifrado de acordes) e formais (profundización da forma musical) (3.2.2)
- Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical (3.2.3)
- Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos (4.4.1)
- Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra (4.4.2)

Nota: nos días posteriores a avaliación ordinaria e ata finais de curso levaranse a cabo actividades de reforzo e ampliación.

4.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- Saber analizar obras musicais, mediante audición e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e rasgos estilísticos máis representativos e situalas no seu contexto histórico e cultural, utilizando unha terminoloxía adecuada (estándares de aprendizaxe: 2.1.1/2.2.1/2.2.2/2.2.3/2.2.4/2.2.5)
- Coñecer e identificar os signos relacionados coa interpretación musical, así como os elementos harmónicos e as formas musicais básicas, aplicando correctamente a terminoloxía propia da teoría musical (estándares de aprendizaxe: 1.3.3/3.1.1/3.1.2/ 3.2.1/ 3.2.2/3.2.3).
- Improvisar e crear breves melodías e patróns rítmicos, seleccionando e usando libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical, así como coreografías (estándares de aprendizaxe: 4.1.1/4.2.1/4.4.1/4.4.2).
- Coñecer e utilizar de forma sinxela os recursos tecnolóxicos para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical, así como para aplicacións audiovisuais.(estándares de aprendizaxe 5.1.1/5.2.2).
- Demostrar unha actitude positiva, interesada e de traballo adecuado o longo de todo o curso (estándares de aprendizaxe. 4.3.2/4.3.5/4.5.1/4.5.2).

4.3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A partir dunha avaliación inicial que servirá de tanteo de nivel do alumnado, no ensino presencial alternaránse as explicacións teóricas e as actividades de linguaxe musical. Tamén traballaremos a parte auditiva con audicións de estilos diversos acordes coas explicacións teóricas, ampliando así as preferencias musicais dos alumnos/as.

A práctica instrumental, vocal e de movemento, limítase na medida do posible o ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música.

Reservaremos cada semana un espazo para traballar a creación nas súas diferentes posibilidades, tratando de elaborar un proxecto por trimestre.

En cada trimestre os alumnos/as realizarán diferentes traballos prácticos que lles axudarán a reforzar e ampliar o tema teórico tratado nese momento na aula, intentando potenciar as TIC.

É importante para que todo esto sexa posible unha actitude adecuada por parte do alumno/a mostrándose en todo momento interesado, participativo e respectando o silencio, tan necesario para a escoita musical.

Os instrumentos necesarios para avaliar o alumnado consistirán en probas teóricas e prácticas (neste caso a través do ensino non presencial), na observación e rexistro do traballo diario na clase así como do realizado na casa, na valoración da realización de diversos traballos propostos seguindo as indicacións da profesora, e na valoración e rexistro da actitude e comportamento ante a materia.

En cada avaliación farase como mínimo unha proba que recolla os aspectos teóricos traballados.

Na parte de práctica instrumental valorarase a destreza na execución do instrumento (limpeza, fraseo, articulación...) e a soltura na lectura musical.

Na parte vocal valorarase ademáis a entoación e afinación, fraseo...

Na parte auditiva valoraremos mediante a realización de fichas individuais todos os aspectos relacionados coa escoita (clasificación de estilo, análise de estrutura, distinción de instrumentos...) sendo necesario para a súa realización a audición atenta por parte do alumnado.

Tamén se realizarán fichas individuais por parte dos alumnos/as que recollan aspectos referentes a linguaxe musical, que serán corrixidas, valoradas e devoltas os alumnos/as.

O aspecto creativo valórase mediante a realización dun proxecto finalizado por trimestre, seguindo as indicacións da profesora.

Cada trimestre realizaránse dependendo do grupo diversos traballos nos que se intentará potenciar as TIC (búsqueda de información, críticas musicais...) que terán que ser realizados nos prazos previstos e seguindo as indicacións da profesora.

A profesora levará un seguimento da libreta do alumno/a controlando que ten recollido nesta todo o relacionado coa materia de forma ordeada, así como a observación das actividades

realizadas na aula mediante unha lista de control. Ademais o alumno/a deberá traer diariamente o material a clase (libreta, partituras...).

Valorarase a actitude ante a materia, mostrando o interés adecuado, cun traballo constante e diario, respetando as execucións alleas así como os diferentes estilos e manifestacións musicais. Tamén se terá en conta o uso do silencio por parte de cada alumno/a necesario no traballo auditivo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

No ensino presencial realizaranse explicacións teóricas dos diferentes temas combinadas con audicións e coa práctica da linguaxe musical e levaranse a cabo actividades e traballos por parte dos alumnos. As explicacións complementarase nalgúns ocasións con vídeos facendo uso do proxector das diferentes aulas. O non ser posible facer uso da aula de música a profesora desprazarase polas diferentes aulas. Este feito impide que se leven a cabo as actividades relacionadas coa práctica instrumental así como as actividades de interpretación vocal debido ás circunstancias sanitarias.

No ensino non presencial as actividades que se desenvolverán serán similares as realizadas en réximen presencial: exercicios (linguaxe musical, audicións...) e traballos. Algunhas actividades prácticas relacionadas coa interpretación vocal, instrumental e de movemento, que non son posibles no ensino presencial dadas as circunstancias sanitarias e o feito de non poder facer uso da aula de música, poderanse propoñer no ensino non presencial. Na Aula virtual do centro publicaranse os diferentes contidos (explicacións, actividades, audicións, vídeos ...) e o plan de traballo que o alumnado debe seguir. A través dela poderán descargar apuntes, actividades e tamén subir exercicios e traballos. O alumnado tamén poderá preguntar dúbidas a través de correo electrónico. O modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática é a través da entrega de material a través de fotocopias. Os mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado serán a comunicación a través da Aula virtual do centro, por correo electrónico, coas familias a través do espazo abalar, así como co titor/a e/ou coa orientadora do centro.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Os materiais empregados son:

- Material do alumno/a: libreta, fruta (ensino non presencial), carpeta (para gardar fichas e partituras).
- Material proporcionado pola profesora: partituras, fichas de traballo, apuntes, esquemas, entrevistas, críticas, noticias, textos musicais..., material informático e audiovisual.
- Este curso non é posible o uso do material da aula de música (instrumentos Orff, frutas, teclados, encerado pautado...).

- Recursos: Aula virtual do centro..

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Recóllense no punto 4 desta programación.

7.2.. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A materia será avaliada tendo en conta as seguintes porcentaxes:

ENSINO PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 80%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Actitude participativa na clase _____ 20%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a atención e escoita durante as actividades de audición, o respecto polas interpretacións alleas, levar á clase todo o material, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Se fora posible unha mínima práctica instrumental e de movemento o longo do curso:

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 60%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%

Se avaliará a interpretación de partituras, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... .

3. Actitude participativa na clase _____ 20%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

ENSINO NON PRESENCIAL

1. Probas escritas, orais e realización de traballos _____ 70%

Se avaliará a través de diferentes probas escritas ou orais e mediante a realización de traballos individuais os contextos musicais e culturais, a linguaxe musical, a audición...

2. Probas prácticas de interpretación _____ 20%

Se avaliará (a través do ensino non presencial debido as circunstancias sanitarias e o non poder facer uso da aula de música) actividades que se poderán propoñer relacionadas coa interpretación de partituras cos diferentes instrumentos dos que dispoña o alumnado na

casa, a interpretación vocal, as actividades de movemento e danza, a creación e improvisación... No caso do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática substituiráanse por probas e/ou traballos escritos.

3. Actitude participativa na clase _____ 10%

Se avaliará a atención e interese do alumno/a, o seu esforzo, traballo diario, participación e colaboración, a valoración e respecto por diferentes estilos musicais así como hacia a música doutras culturas...

Importante:

- É necesario acadar un mínimo (3,5 sobre 10) en calquera dos apartados anteriores para poder aprobar a materia.

Nota: os alumnos/as que asistan a sesión de afondamento poderán acadar ata un punto máis na nota final da materia de LPM.

Mecanismos para recuperar unha proba non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha proba non superada.

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Non se levarán a cabo mecanismos para recuperar unha avaliación non superada.

Avaliación final

O alumnado que deberá realizar a avaliación final será:

- Alumnado cunha avaliación non superada cunha nota inferior o 4.
- Alumnado con dúas ou tres avaliacións non superadas.

Os estándares que se van a avaliar serán os correspondentes a/ás avaliación/s que o alumnado non teña superada/s. A avaliación consistirá en:

- Proba teórica (contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición...). Poderase substituir pola entrega de actividades ou traballos.

A avaliación extraordinaria consistirá en:

- Proba teórica que se valorará cunha porcentaxe dun 100%. Consistirá nunha serie de preguntas (polo xeral dez) referidas a contextos musicais e culturais, linguaxe musical, audición... valorando cada pregunta segundo a súa importancia. No caso de ensino a distancia poderase substituir pola realización de actividades e/ou traballos.

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Remitimos o artigo 23 do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño.

8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial farase nos primeiros días de curso, baseándose nun tanteo do nivel do alumnado, a partir dunha serie de procedementos (práctica instrumental, vocal...) ou

preguntas específicas, recollidas en relación a contidos traballados en cursos anteriores que se considera que o alumnado debería recordar e manexar con soltura, ou cuestións de base que se van traballar no actual curso e que plantexamos con antelación para saber o grado de desenvolvemento, de madurez, de aprendizaxe realizado e aproveitado. O mecanismo para informar ás familias será por medio do titor/a.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención a diversidade, partindo dun coñecemento previo das capacidades do alumnado, obriga a empregar estratexias metodolóxicas variadas, que favorezan e permitan un concreto ritmo de aprendizaxe en cada persoa, partindo da súa actitude e interese.

Para aqueles alumnos/as que teñan algunha dificultade de aprendizaxe levaranse a cabo medidas especiais (reforzos e adaptacións) pero seguindo un ritmo homoxéneo o do resto da clase sen quedar polo tanto desprazados.

No que se refire a linguaxe musical traballarase con estes alumnos/as os aspectos máis básicos utilizando elementos musicais sinxelos. A lectura musical utilizará notas musicais coas figuras e silencios máis básicos.

No apartado teórico traballáranse os mesmos temas de forma máis esquematizada con actividades básicas e de fácil expresión e desenrolo.

Por outra banda tamén é necesaria a atención a diversidade coa realización de actividades de ampliación para aqueles alumnos/as que mostran unha especial facilidade ante o feito musical e que os separa do resto. Normalmente son alumnos/as que practican a música dun xeito cotián, por estudar nun centro especializado ou por pertencer a unha agrupación musical concreta.

Faise necesario elaborar un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención as súas necesidades.

10. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS QUE SE TRABALLARÁN.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respeto polo folclore propio e alleo a través da audición, así como a través do visionado de danzas folclóricas, valorando ás diferentes culturas presentes no mundo.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO

- Curiosidade e interés por todos os instrumentos sen asociar o seu tamaño ou timbre cun xénero determinado (carillóns para rapazas, xilófono baixo para rapaces).

- Interés e recoñecemento da danza por parte dos rapaces como medio para enriquecer a percepción visual, espacial e musical e apreciación das súas posibilidades expresivas, rompendo co enfoque tradicional de asociar a danza cas rapazas.

- Valorar a necesidade da complementariedade de sexos para a práctica vocal (coro de voces mixtas) e de movemento (bailes de parellas mixtas), tendo en conta ademais que toda actividade musical en grupo parte do principio de integración, de reparto de traballos e respecto mutuo ós demais integrantes, independentemente do sexo o que pertenzan.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización ante a contaminación sonora e o nivel de rúidos no contorno.
- Coidado pola produción excesiva de sons por parte do propio alumnado e atención o silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.
- Construcción de instrumentos musicais con materiais de refugo, o que facilita un achegamento e respecto polas tarefas de reciclaxe e o conseguinte respecto polo medio ambiente.
- Valoración da natureza como fonte de inspiración musical.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Apreciación do corpo e das súas posibilidades de expresión e comunicación a través do movemento.
- Técnica vocal como prevención dos problemas vocais.
- Valoración da incidencia positiva da música no equilibrio persoal e anímico das persoas, tanto dende o punto de vista do oínte como do intérprete ou creador.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Asumir un papel crítico fronte o consumo de música actual que ven determinado pola moda e a publicidade, tendo en conta o papel dos medios de comunicación e os posibles intereses ocultos, para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado.
- Coñecemento de diferentes estilos musicais (jazz, música tradicional, pop-rock, músicas del mundo...), para poder ter a capacidade de elixir por si mesmos.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso, dadas as circunstancias sanitarias, non se realizarán actividades extraescolares. Como actividade complementaria os alumnos/as asistirán os concertos, e nalgunha ocasión ensaios, que a Orquesta Sinfónica de Vigo 430 ofrecerá no noso centro.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR

- Lectura comprensiva e realización de esquemas dos temas de teoría musical.
- Realización de actividades, comentarios... de forma escrita.
- Realización de textos para cancións.
- Lectura de críticas e artigos musicais.

- Realización de traballos de temática musical (para ler, comparar, contrastar información, relacionar de forma crítica con informacións procedentes de fontes diferentes...).
- Búsqueda de noticias musicais relacionadas coa actualidade.
- Lectura de libros de temática musical e posterior realización de actividades.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

- Recolleita de información musical a través de internet.
- Coñecer (de maneira teórica) programas informáticos de aplicación musical.
- Audición de músicas de distintas épocas e estilos.
- Gravación das interpretacións musicais realizadas na aula. Este curso non será posible.
- Visionado de vídeos, documentais, películas... que ilustran os distintos contidos, usando o proxector instalado nas aulas.
- Utilizar as tecnoloxías do coñecemento a hora de editar e gravar unha peza musical.
- Sonorizar unha secuencia de imaxes utilizando distintos recursos informáticos.
- Utilizar xogos musicais interactivos que amplíen o coñecemento musical.
- Ampliar os coñecementos de búsqueda musical (documentos, vídeos...) a través de internet.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

- Traballos por parellas ou en grupo de temática musical realizados na aula ou na casa, fomentando a convivencia o traballar en equipo. Este curso non é posible.
- Interpretacións vocais e/ou instrumentais en conxunto realizadas na aula nas que é fundamental o respecto as interpretacións alleas mostrando interese por mellorar a calidade sonora do conxunto instrumental e/ou vocal tomando conciencia da importancia da organización e integración no grupo para a realización de actividades colectivas. Este curso non é posible.
- Realización de coreografías en grupo ou por parellas (danzas históricas, bailes de salón, danzas do mundo...), respetando as execucións dos demais e valorando a contribución persoal a coreografía no seu conxunto (cooperación). Este curso non é posible.
- Audición e interpretación vocal e/ou instrumental de músicas de outras culturas (músicas do mundo) fomentando o respecto polas manifestacións musicais alleas.
- Presentación inicial dos instrumentos musicais e outros materiais da aula e da súa ubicación, tomando conciencia de que son propiedade de todos/as, responsabilizándose do

seu coidado e mantemento. Este curso non é posible xa que non faremos uso da aula de música.

- Análise de cancións cunha clara mensaxe social: emigración, maltrato, guerra... e creación de textos de esta índole para unha melodía dada.

- Aceptación e cumprimento das normas establecidas para o bo funcionamento do grupo e para a produción da música: o marco do silencio, a atención a dirección e os compañeiros, a escoita dun mesmo e dos demais. Este curso non é posible.

- Asistencia a concertos didácticos, valorando a importancia que teñen como público (grupo) na transmisión da música. Este curso será posible nos concertos que teñan lugar no propio centro.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten avaliar o funcionamento da programación e establecer medidas de mellora:

	VALORACIÓN				OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA
Tivéronse en conta no desenvolvemento da programación as características dos alumnos/as?					
Conseguíronse os obxectivos didácticos previstos con todos os alumnos/as?					
Foi acertada a temporalización dos dos contidos e dos estándares de aprendizaxe?					
Foron adecuados os recursos didácticos propostos?					
Foron adecuados os instrumentos de avaliación?					
Foi adecuado o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar?					

Resultaron eficaces as estratexias metodolóxicas utilizadas?					
Tivéronse en conta os temas transversais?					
Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?					
Foron acertadas as medidas de atención á diversidade?					
Serviu a avaliación para readaptar a programación?					
Foi adecuado o plan de avaliación inicial deseñado?					
Os procedementos e instrumentos de recollida de información foron suficientes e variados?					
Foron adecuados os criterios establecidos para a avaliación final e extraordinaria?					
Foron adecuados os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentas?					
Foron adecuadas e motivadoras as actividades complementarias e extraescolares?					
O grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia é suficiente?					
A contribución dende a materia ao plan de lectura foi adecuada?					

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Propóñense unha serie de cuestións que permiten a avaliación do proceso do ensino e a práctica docente.

	NON	ÁS	SI
--	------------	-----------	-----------

		VECES	
Realizo unha avaliación inicial e axusto a programación ás características do alumnado.			
Planteo algunha actividade para detectar os coñecementos previos de cada unidade.			
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.			
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades realizadas e lles dou pautas para melloralas.			
Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.			
Propoño actividades individuais e de grupo para reforzar e ampliar os contidos.			
Utilizo dispositivos audiovisuais ou de outro tipo para apoiar as explicacións dos contidos.			
Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado.			
Planteo actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe asignadas á área de Música.			
Utilizo distintas ferramentas de avaliación en función do nivel dos alumnos/as e dos contidos tratados na unidade.			
Informo convenientemente o alumnado e os seus pais dos resultados obtidos, así como de calquera outra incidencia.			